



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- (...) Unha fía.

Ai, Virgen Santísima. Mira, había xueghos. Polo día fiábase, aló se cadra ata as dez da noite, pero despois nunha corte ou así nunha corte, estrábana ben e era onde había os xueghos. Como había tantírma moxedá, cada mozo collía súa moza. E había un xuegho que lle chamaban o xuegho do portugués. Era precioso, eh.

Poñíanse unha roda de mozos e mozas, no medio da corte, un mozo e unha moza, un mozo e unha moza, unha roda ghrande. E outro mozo estaba no medio cunha corda na mao e outro andaba por fóra da moa cantando. E decía:

Yo vengo de Portugal-e
soy un lindo pertughés.

Decíallo ao que estaba dentro.

En el camino me han dicho
que lindas damas tenés.

Entonces contestáballe o de fóra, decíalle:

Si las tengo no las tengo
no las tengo para dar
que do pan que eu comer
tamén elas comerán
e na cama donde eu durma
tamén elas dormirán.

Decíallo o que estaba dentro ó de fóra. E o outro iba todo ao redor cantando:

Pues yo me voy anojado
a los palacios del rey,
voy dar parte a mi señor
de lo que me respondés.

E entonces él decíalle:

Vuelvase usted caballero
no seia tan descortés,
que de las damas que yo tengo
escoja usted en cual quixer.

E o outro, como andaba de redor-e, cando pasaba por detrás dunha moza petáballe así no ombro e tiña que ir a moza atrás del cantando. Así todo, así todo hasta que quedaban os homes soliños. Pero despois o fin non me acorda, oh.



Despois quedaban así os homes solos, as mozas ibaas levando aquel. E despois empezaba o outro: onde lle iban as mozas. E dixo:

“Periquito, mi criado, onde van as mozas?”

E el (risas) decíalle, tiña que dicir:

“Mande usted, cordón de mi amo”.

Non me acordo como era. Decíalle el:

“Mande usted collón de mi amo”

“Eso es para mi, Periquito?”

“No, no, señor que le amo”.

E despois formaban daquelas unha columna aqueles catro mozos ou os que fosen, formaban unha columna e despois nin che me acordo xa como facían ó fin. Pero andando así cantando e chamábanlle xuegho do portugués.